



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Estudios de Lingua Inglesa	Código	613G03039	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Inglesa			
Coordinación	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda o estudo da gramática da lingua inglesa desde un punto de vista descritivo e práctico, centrándose principalmente na análise sintáctica das unidades gramaticais pero introducindo tamén algúns aspectos relativos a análise textual e discursiva.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer, adquirir e saber aplicar á práctica os fundamentos teóricos básicos e os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e textuais da lingua inglesa.	A1 A2 A6 A11 A15	B1 B3	
Enfrontarse a problemas, exercicios e traballos académicos relacionados cos contidos da materia.	A1 A6 A9 A18	B1 B2 B3 B6 B7	C2
Desenvolver unha actitude crítica informada con respecto á gramática da lingua inglesa dentro dun concepto de ciencia da linguaxe.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción ao concepto de categoría gramatical	1.1. Oración, cláusula e palabra 1.2. Categoría vs. Función 1.3. Escala de rango e cambio de rango 1.4. Estrutura de constituintes
2. O sintagma verbal	2.1. Principais clases verbais 2.2. A estrutura do sintagma verbal 2.3. O concepto de tempo gramatical 2.4. Introducción ao aspecto, a voz e o modo 2.5. Padróns de complementación 2.6. Verbos frasales e preposicionais 2.7. Complementos e adxuntos 2.8. Ambigüedade semántica e sintáctica



3. O sintagma nominal	3.1. A estrutura do sintagma nominal 3.2. Modificación e complementación 3.3. Metáfora gramatical 3.4. Ambigüedade semántica e sintáctica
4. O sintagma adxectivo e adverbial	4.1. Características de adxectivos e adverbios 4.2. A estrutura e función dos sintagmas adxectivos e adverbiais.
5. O sintagma preposicional	5.1. A estrutura do sintagma preposicional 5.2. A posición da preposición en inglés
6. Estrutura clausal	6.1. Cláusulas canónicas e non canónicas 6.2. Distribución da información na cláusula
7. Subordinación	7.1. Cláusulas nominais 7.2. Cláusulas de relativo 7.3. Cláusulas adverbiais 7.4. Cláusulas de infinitivo, xerundio ou participio
8. Discurso: texto e contexto	8.1. Textos escritos e textos orais 8.2. Procesamento e estrutura da información 8.2. Coherencia e cohesión

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	17	17	34
Obradoiro	20	23	43
Lecturas	0	10	10
Análise de fontes documentais	3	7	10
Traballos tutelados	0	20	20
Presentación oral	3	8	11
Proba mixta	0	20	20
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora complementada, se procede, co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Obradoiro	Constituirá o método de traballo fundamental nas sesións presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas, probas de distinto tipo, etc.) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión da profesora na maior parte dos casos, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.
Lecturas	Conxunto de referencias bibliográficas concretas (seccións de manuais, capítulos de libros, artigos, etc) seleccionados pola profesora para a preparación dos distintos contidos da materia.
Análise de fontes documentais	Nesta materia esta metodoloxía correspóndese co comentario ou análise oracional ou discursivo de textos para ilustrar ou aplicar parte dos contidos da materia.



Traballos tutelados	O alumnado terá que presentar por escrito e expoñer oralmente un traballo individual ou en parellas na data que se acorde. Os obxectivos, características, material de apoio e formato de presentación do traballo serán explicados na aula ao comezo do curso. En liñas xerais tratarase de facer un estudo descritivo sobre un tema específico relacionado cos contidos da materia, no que poderán ter cabida a proposta de actividades prácticas, posibles estudos de lingüística de corpus ou a aplicación dos contidos ao ensino da materia ou a outras materias da titulación. O traballo se levará a cabo baixo a tutela da profesora.
Presentación oral	Consistirá na exposición oral do traballo tutelado. Se o traballo se fai en parellas, o alumnado poderá desenvolver a capacidade de traballar de xeito colaborativo.
Proba mixta	Probas que integran preguntas abertas e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple. Poderanse facer ao longo do curso ou nunha única proba final na data oficial proposta pola Facultade (esto último será obrigatorio no caso de que non se superen as probas mixtas feitas durante o curso).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Obradoiro	<p>Para a realización do traballo tutelado e a presentación oral é fundamental que o estudiantado informe a profesora ao longo do trimestre dos avances que vai facendo.</p> <p>Ao menos dúas veces ao cuadrimestre todo o alumnado debería facer unha titoría coa profesora, ben en persoa nas horas de titoría, ben por correo electrónico. Nesa titoría darase atención personalizada a cada alumno e alumna, aínda que tamén se fará seguimento individual do alumnado para observar o seu progreso nas aulas de DI e TGR.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	Como complemento do traballo tutelado, neste caso, ademáis dos contidos e a orixinalidade do traballo, valorarase a corrección lingüística e expositiva e o manexo de distintas ferramentas para a exposición oral.	15
Traballos tutelados	Valorarase tanto os coñecementos adquiridos como a orixinalidade dos enfoques e das aportacións e a corrección da expresión escrita.	15
Obradoiro	Ao longo do curso recolleranse ou avaliaranse na aula exercicios, pequenas actividades ou probas relacionadas co exposto nas sesións maxistras e traballado nos obradoiros ou en relación coas lecturas recomendadas. Poderanse facer en datas fixadas con antelación ou sen previo aviso. A participación activa nas aulas de DI ou TGR terase en conta tamén na avaliación final deste bloque (5%).	20
Proba mixta	Probas parciais ao longo do curso OU proba final que se fará na data oficial marcada pola Facultade. Será obrigatorio facer a proba final se non se superaron as probas parciais durante o curso.	50
Outros		

Observacións avaliación



IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma da proba final, o traballo tutelado, a presentación oral e demais actividades avaliábeis deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima de cada unha das partes (actividades do obradoiro/ traballo tutelado e exposición oral do mesmo/proba mixta) deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Aplicarase unha penalización sobre a cualificación

final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo

sen causa xustificada. Os traballos con evidencia de plaxio serán calificados automaticamente cun 0.

Os alumnos/as que non se presenten o día das

probos obxectivos de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se

non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

AVALIACIÓN

XULLO: Os/as estudantes que non presenten o traballo tutelado, ou que

non teñan acadado un 4 en cada un dos bloques avaliábeis (aínda que a nota media sexa superior a 5) terán que ir á

oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter

adquiridas as competencias da materia mediante a entrega dun traballo

escrito e defensa oral do mesmo en substitución do traballo tutelado, a

superación de actividades escritas semellantes ás avaliadas ao longo do

curso e, finalmente, mediante unha proba mixta sobre os contidos do curso. As instrucións e porcentaxes concretas faranse públicas despois da publicación das cualificacións finais en xuño.

Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que

teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta

universidade, será avaliada en calquera das dúas oportunidades seguindo os

mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Atención á

diversidade: Existe

unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os

membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da

discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación

maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para

adquirir máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI

en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na

dirección de email adi@udc.es.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Quirk, R. et al. (1985). A Comprehensive Grammar of the English Language. . Harlow: Longman.
- Trask, R.L (1993). A Dictionary of Grammatical Terms in Linguistics. . London and New York: Routledge.
- Greenbaum, S.& R. Quirk (1990). A Student's Grammar of the English Language. . London: Longman.
- Huddleston, R. & G. Pullum. (2006). A Student's Introduction to English Grammar. . Cambridge: C.U.P
- Downing, A. & P. Locke (2006). A University Course in English Grammar. Hemel Hempsted: Prentice Hall International.
- Hewings, M. (2005). Advanced Grammar in Use. Cambridge: C.U.P
- Burton-Roberts, N. (1997/2010). Analysing Sentences. London and New York: Longman.
- Carter, R. & M. McCarthy (2006.). Cambridge Grammar of English. . Cambridge: C.U.P.
- Brown, G and Yule, G (1983). Discourse analysis. Cambridge: C.U.P
- Huddleston, R. & G. Pullum. (1984.). Introduction to the Grammar of English. Cambridge: C.U.P
- Biber, Douglas, Susan Conrad and Geoffrey Leech (2002). Longman Student Grammar of Spoken and Written English. London:Longman

Bibliografía complementaria

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Lingua Inglesa e os seus Usos 2/613G03037
Materias que continúan o temario
Lingua Inglesa 1/613G03003
Lingua Inglesa 2/613G03008
Lingua Inglesa 3/613G03015
Lingua Inglesa 4/613G03019
Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020
Gramática Inglesa/613G03025
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías